



Premio á mellor comunicación sobre aplicacóns en Ecoloxía ou Ciencias do Medio Ambiente presentada por un investigador/a novo/a

BASES

1. Convocatoria

A Sociedade Galega para a promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Sociedade Portuguesa de Estatística convocan un premio á mellor comunicación sobre aplicacóns en Ecoloxía ou Ciencias do Medio Ambiente entre as presentadas no II Encontro Galaico-Portugués de Biometría por un investigador/a novo/a.

Este premio está patrocinado pola Cátedra Luis de Camoens da Universidad Carlos III de Madrid – Banco de Santander.

2. Participantes

Os requisitos para optar ao premio son os seguintes:

- 2.1. Cumprir unha das seguintes condicións para ser investigador/a novo/a:
 - Non ter cumplidos 35 anos a 30 de xuño de 2016, acreditado coa copia do DNI ou documento análogo.
 - Non posuér título de doutor e estar matriculado nun programa de doutoramento durante o curso 2015/16, acreditado coa copia do xustificante de matrícula.
 - Ter obtido o primeiro título de doutor con posterioridade ao 30 de xuño de 2011, acreditado coa copia do título.
- 2.2. Ser o primeiro autor ou autora da comunicación.
- 2.3. Inscribirse no congreso e presentar oralmente a comunicación nunha sesión especial para as comunicacóns que opten ao premio.
- 2.4. Os traballos que se presenten ao premio deberán ser inéditos (non poden estar publicados antes do 30 de xuño de 2016 nunha revista científica).
- 2.5. Non hai limitación de comunicacóns presentadas por unha mesma persoa. No caso de que unha persoa presente varios traballos a temática debe ser diferente.

ORGANIZAN:



PATROCINA:





3. Inscrición

Para optar ao premio á mellor comunicación con aplicacións en Ecoloxía ou Ciencias do Medio Ambiente entre as presentadas no II Encontro Galaico-Portugués de Biometría, ademais de cumplir os requisitos do apartado 2, hai que enviar unha mensaxe ao enderezo electrónico bioapp2016@sgapeio.es co asunto “Premio BIOAPP2016-Ecoloxía-Medio Ambiente” e indicando os seguintes datos:

- Nome completo do primeiro autor da comunicación.
- Título da comunicación.
- Condición que cumple o autor para ser investigador/a novo/a dos descritos no apartado 2.1. É necesario enviar na mensaxe un documento que o acredite.

4. Xurado e valoración das comunicacóns

O xurado estará formado por 5 persoas elixidas entre o Comité Científico do II Encontro Galaico-Portugués de Biometría. Non poderán formar parte do xurado os coautores dos traballos, os titores ou directores, e as persoas que teñan relación contractual cos candidatos. No caso de que os membros do Comité Científico non sexan suficientes, por algunha das incompatibilidades descritas, poderán formar parte do xurado membros do Comité Organizador.

O xurado valorará as comunicacóns tendo en conta o traballo enviado ao congreso, así como a presentación realizada durante a celebración do mesmo nunha sesión de comunicacóns especial para os candidatos ao premio.

A decisión do xurado será inapelable e os premios poderán ser declarados desertos por proposta deste.

5. Premio

O primeiro autor da comunicación premiada recibirá un premio en metálico de 500 €. Así mesmo, todos os autores da comunicación recibirán un diploma que acredite a concesión do premio.

A notificación da concesión do premio e a súa entrega realizaranse durante a cea do congreso.

ORGANIZAN:



PATROCINA:





II ENCONTRO GALAICO-PORTUGUÉS DE BIOMETRÍA, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente

6. Reserva de dereito

A SGAPEIO e a SPE resérvanse o dereito a modificar as condicións do premio sempre que concorra causa xustificada.

7. Aceptación das bases do concurso

A participación no premio supón a plena aceptación das súas bases.

8.- Confidencialidade e dereitos de propiedade intelectual

O contido dos traballos que se presenten así como todos os datos e documentación aportada terán carácter absolutamente confidencial e acceso restrinxido, e como tales serán tratados tanto pola organización do Premio como polo Xurado.

ORGANIZAN:



PATROCINA:

